

DOCUMENTO DE SELECCIÓN DE GRUPO E ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

PLAN DE ACCIÓN



GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

ULLA TAMBRE MANDEO

Equipo redactor: María Fernández Varela
María Mellid López

Contido

IV. ESTRATEXIA: ÁREAS PRIORITARIAS E OBXECTIVOS.....	8
A . Áreas prioritarias da estratexia:	8
B. Áreas importantes da estratexia:	12
V. PLAN DE ACCIÓN	14
VI. PREVISIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA .	32
VII. COMPLEMENTARIEDADE E COHERENCIA CON OUTROS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO QUE SE APLIQUEN NO TERRITORIO.....	33
VIII: PLAN DE FORMACIÓN	34

I. ANÁLISE SOCIOECONÓMICA DO TERRITORIO

II. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS INTEGRADAS DA ESTRATEXIA	4
III. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS DA ESTRATEXIA	6
IV. ESTRATEXIA: ÁREAS PRIORITARIAS E OBXECTIVOS.....	8
OBXECTIVOS DO GDR ULLA TAMBRE MANDEO.....	8
A . Áreas prioritarias da estratexia:	8
B. Áreas importantes da estratexia:	12
V. PLAN DE ACCIÓN	14
VI. PREVISIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA .	32
VII. COMPLEMENTARIEDADE E COHERENCIA CON OUTROS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO QUE SE APLIQUEN NO TERRITORIO.....	33

II. DESCRIPCIÓN DAS CARACTERÍSTICAS INTEGRADAS DA ESTRATEXIA

Na elaboración da estratexia do Ulla Tambre Mandeo adoptouse o punto de vista multisectorial polo que aposta o Programa Leader desde os seus comezos. Adoptar esta perspectiva multisectorial, supuxo analizar a totalidade dos recursos produtivos, económicos, sociais e de identidade que compoñen o capital endógeno do territorio e a súa inclusión conxunta e funcional na estratexia de desenvolvemento local, baseada na interacción dos axentes do territorio e nos proxectos dos distintos sectores da economía local, coa aplicación de enfoques innovadores.

Leader significa “Relación entre actividades de desenvolvemento rural”, polo que esta estratexia non so contempla medidas en diferentes sectores (incluíndo tamén ó primario, pero non so iso), senón que, sobre todo, prové de proxectos e medidas que supoñen a interacción entre sectores, aproveitando a capacidade de arrastre duns para o crecemento e desenvolvemento doutros, sempre dende un punto de vista sostible e innovador.

A estratexia elabórase a través de propostas integradas, nas que se teñen en conta a transversalidade e permeabilidade entre sectores, aproveitando o coñecemento dos axentes locais e as relacións entre eles, e contando coa proximidade das cidades da provincia, que nos provén de un valioso mercado no que colocar os nosos produtos, un importante nicho de coñecemento con posibles inversores e emprendedores, e tamén dunha gran cantidade de persoas que está desexando coñecer e gozar o rural que teñen tan preto.

Dadas as características do noso territorio, as propostas multisectoriais dan moita importancia ó sector agroalimentario, sobre todo ó queixo de gran tradición, como así o avala a existencia da D.O.P. Arzúa-Ulloa. Esta industria, se a poñemos en relación directa co turismo, dominado principalmente por tres Camiños de Santiago, pode supoñer un impulso económico e a valorización dun produto, o leite, de gran importancia nas nosas vilas, e que está a sufrir tantas dificultades nos últimos anos.

O Camiño de Santiago é un eixe fundamental na estratexia, e aproveitarase non so para dar a coñecer os nosos produtos e crear novos servizos e expresións artísticas e culturais, como sempre serviu, senón tamén para conseguir segundas visitas ó territorio, pois despois do Camiño, aquí queda moito por descubrir. Por exemplo o Río Ulla, de gran importancia natural, cultural e económica. A estratexia ten o moi ambicioso obxectivo de convertelo na referencia galega do turismo ambiental, como produto turístico sostible e integral. En todo caso, polo orzamento e tempo necesarios non será posible conseguir o obxectivo completo no 2020, polo que se prevé unha segunda fase que proseguirá no período seguinte.

Tamén o sector forestal, co gran problema do cada vez maior monopolio da plantación de coníferas, se aborda neste traballo. Porque se ben o monte ten esa gran cualidade de servir de segunda renda ou de renda extra nos momentos de apuro, e deu moito servizo nos duros anos da crise que aínda non nos deixou, tamén é verdade que se necesitan novas opcións innovadoras para poder conservar parte da nosa paisaxe e cultura, diversificar as especies e reducir a excesiva dependencia do eucalipto. Por iso esta estratexia propón un conxunto de medidas para relacionar o monte e os seus produtos e subprodutos co sector da saúde, a beleza, o ocio, a educación a enerxía ou o deseño.

O Leader pretende influír tamén na estrutura industrial do territorio, coa introdución de medidas que xeren sinerxías coas empresas galegas máis punteiras, e achegando o coñecemento ás nosas empresas, pois moitas veces os centros máis importantes de creación de coñecemento (como as universidades, centros tecnolóxicos ou empresas

innovadoras) atópanse moi lonxe do rural, a pesar de separarnos so uns poucos quilómetros.

Todas as propostas se integraron dentro de dous obxectivos fundamentais: a igualdade de dereitos e oportunidades de tódalas persoas que viven e traballan no rural, con especial atención ó papel da muller, porque, entre outros moitos indicadores, se revelou moi débil no Programa Leader 2007-2013 con un papel case inexistente. E o respecto polo medio ambiente, buscando solucións innovadoras que cambien o paradigma económico sen que elo redunde, dentro do posible, no poder adquisitivo da poboación rural.

O establecemento de obxectivos integrais da estratexia de desenvolvemento local con base nas áreas de actuación prioritaria e importantes da mesma, fíxose atendendo ós elementos comúns que lle dan coherencia ás accións: animación social e promoción das actuacións colectivas e cooperativas, creación de redes, creación de emprego, mellora da competitividade, mellora da calidade de vida, redución da pobreza, innovación, e apoio á produción.

Polo tanto, a estratexia non se constrúe como un programa de desenvolvemento sectorial, senón que conta cun fundamento multisectorial que integra varios sectores de actividade. As medidas e proxectos da estratexia coordínanse como un conxunto coherente e, o máis importante, vincula os diferentes axentes e sectores económicos, sociais, culturais e ambientais participantes. A estratexia plantexouse como unha concepción multisectorial e con enfoque ascendente, polo que o resultado é integral e pensada pola propia sociedade rural beneficiaria.

III. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS DA ESTRATEXIA

O GDR Ulla Tambre Mandeo estruturou a estratexia de desenvolvemento para o próximos cinco anos ao redor da innovación. Innovación que comeza no inicio, co desenvolvemento do proceso participativo ao redor de técnicas de xeración de ideas e de xestión de reunións como a facilitación ou o traballo de procesos.

A innovación está presente en todas as dimensións da Estratexia de Desenvolvemento Rural:

- No proceso de deseño da mesma, coa incorporación de técnicas participativas que favorezan a aparición de ideas e a súa discusión entre a poboación do territorio. O propio enfoque bottom-up característico do Leader é novo na aplicación das políticas de apoio público.
- Nos obxectivos xerais e áreas prioritarias de actuación que contén a estratexia a innovación é un obxectivo en si mesmo e como tal aparece, instrumentalizado no apoio ao desenvolvemento dos sectores tecnolóxico, ambiental e ao subsector de actividades propias “da economía baseada no coñecemento”, xa que se busca o seu florecemento e expansión na economía local.
- Nos obxectivos e áreas de actuación dos restantes sectores produtivos e económicos a innovación tamén está presente, pois se busca conseguir innovacións de produto, proceso, organización e/mercado no total do tecido empresarial e económico; co obxectivo de aumentar a súa competitividade e dinamización.
- Finalmente, a innovación está presente no desenvolvemento das ferramentas que lle son propias ao GDR en canto a difusión, formación e cooperación; de forma que se converta nun ente dinamizador do territorio e do programa.

Polo tanto, na estratexia preséntase a innovación como un elemento clave en cada unha das áreas de actuación, tanto nas que desenvolverá o GDR, que tenta a través de pequenas accións de formación e difusión buscar novas fórmulas para que o territorio gañe competitividade e sustentabilidade, como nas opcións para posibles proxectos que soliciten unha axuda.

A valorización de oportunidades novas non sempre é fácil de detectar, pero unha vez logrado, dentro dunha perspectiva de desenvolvemento integrado, un pequeno éxito terá un efecto multiplicador en toda a sociedade rural de dentro e fóra do noso GDR.

A innovación nesta estratexia está posta ao servizo da diversificación da economía. Gran parte do esforzo e dos obxectivos seguen este camiño: no sector forestal, buscando usos inexplorados que poidan ser rendibles economicamente, no sector agrícola coa transformación do leite en alimentos que até agora non se están fabricando. Para a industria búscase unha pequena desviación desa forte especialización en sectores maduros de escaso crecemento para que xurda algunha

empresa do sector tecnolóxico, que aproveite unha tecnoloxía concreta ou un coñecemento específico, empresas gacela, stat-ups ou similares. Actualmente, as distancias non supoñen un problema para algunhas desas empresas, sobre todo para aqueles traballos que poden deslocalizarse ou que se poden facer e entregar a través de internet, e outros factores como o menor prezo do terreo poden atraer man de obra cualificada, especialmente aquelas persoas que saíron do rural para formarse e que están a esperar unha oportunidade para volver. A forma e o esforzo de atraer a estes “nativos” será tamén innovación.

No sector ambiental búscanse empresas tecnolóxicas que cambien a forma de facer as cousas, en lugar de atender a pequenas remediacións ou pequenas melloras sobre o sistema establecido. Evidentemente, buscar innovacións radicais a través dun programa como o Leader é ambicioso, e por suposto non é probable que o sistema produtivo cambie por mor das propostas desta estratexia, pero a idea innovadora irá xerminando no corazón dos habitantes do noso territorio, e o tempo faraa florecer.

Para potenciar a innovación, os principais elementos recollidos na estratexia relaciónanse a continuación:

- Maior porcentaxe de subvención para iniciativas tecnolóxicas ou con I+D, Tics, ou proxectos piloto que proben unha nova tecnoloxía.
- Difusión do Programa Leader fose do territorio, en universidades, centros tecnolóxicos, empresas galegas punteiras, etc.
- Fomento da aparición de empresas de servizos e comercio inexistentes até o momento
- Fomento do asentamento de persoas con cualificacións específicas e mellora da súa empregabilidade
- Fomento da innovación na actividade empresarial, en xeral, e no comercio comerciante polo miúdo, en particular, co desenvolvemento de negocios que contribúan á desmaterialización da economía, favorecendo o aforro de materiais e a loita contra a obsolescencia programada.
- Innovar na maneira de resolver as dificultades e retos do territorio a través de accións piloto innovadoras por parte do GDR.
- Procura de sinerxías a través de novos vínculos entre axentes do territorio como entre empresas agroalimentarias e ANPAs, fabricantes de queixo e empresas do sector turístico, unión das persoas beneficiarias dunha axuda Leader etc.
- Fomento da innovación no turismo, a través da creación de produtos turísticos que acheguen ao visitante nosa cultura e trazos sociais.

IV. ESTRATEXIA: ÁREAS PRIORITARIAS E OBXECTIVOS

OBXECTIVOS DO GDR ULLA TAMBRE MANDEO

A continuación reflíctese os obxectivos que ambiciona conseguir o GDR Ulla Tambre Mandeo coa implementación da Estratexia de Desenvolvemento Local.

Preséntanse estruturados coa seguinte metodoloxía:

- Obxectivo transversal e específico do GDR Ulla Tambre Mandeo sobre a mellora da gobernanza local e o incremento da animación social do territorio.
- Distinción entre áreas de actuación prioritarias da estratexia de desenvolvemento local e áreas importantes da estratexia de desenvolvemento local.
- Dentro de cada área, establécense, xerarquizados:
 - Obxectivos xerais
 - Liñas estratéxicas a seguir relativas a cada obxectivo
 - Obxectivos instrumentais ou “smart”, os cales contan con: especificidade, cuantificación (medición) e temporalización, a cal en todos os casos, coincide coa duración da xestión do Leader 2014-2020.

Gobernanza local e animación social do territorio

OBXECTIVOS SMART:

1. Que todas as persoas que emprendan un negocio no territorio coñezan o GDR Ulla Tambre Mandeo e as axudas do Leader.
2. Que como mínimo un 70% dos representantes das entidades no GDR participen en actividades ou reunións do GDR polo menos dúas veces ó ano.
3. Que cada ano entren un mínimo de tres novas entidades asociadas ó GDR.

A . Áreas prioritarias da estratexia:

1. **Crear emprego de calidade. Obxectivo Leader Galicia: creación e mantemento de emprego**

OBXECTIVOS SMART:

1. Crear 25 novos empregos dos cales a lo menos o 20% sexan empregos de calidade (con cualificación de estudos superiores e/ou salarios superiores á media galega)
 2. Que polo menos o 30% dos empregos creados no Leader se fagan a persoas incluídas dentro dos colectivos desfavorecidos.
2. **Mellora na transformación e comercialización, así como na imaxe, do leite e derivados lácteos e dos produtos agroalimentarios do territorio con marca propia¹.**

¹ Non se financian proxectos agroalimentarios cun investimento superior ós 30.000 euros, pero este sector pódese apoiar a través de formación e difusión, ademais de con axudas a pequenos obradores

- Incrementar o amor propio e a consciencia da calidade dos produtos locais así como a súa promoción directa pola poboación e negocios locais.
- Facer do queixo e dos produtos agroalimentarios un produto e reclamo turístico.
- Dotar de valor engadido ó leite local.

OBXECTIVOS SMART:

1. Consolidación de, polo menos, 20 novos espazos (lineais, “corners”, espacio destacado nas cartas dos restaurantes, anuncios etc.) nos que se promocionen e comercialicen os produtos agroalimentarios locais con marca propia; xa sexa en negocios previamente existentes ou de nova creación.
2. Desenvolvemento por parte do sector, cando menos, dunha iniciativa de actividade de agroturismo, turismo industrial agroalimentario, museo, visitas guiadas, exposicións etc.
3. Incorporación de como mínimo dúas iniciativas como o envasado con marca propia, a transformación en queixo, xa sexa amparado pola D.O.P Arzúa-Ulloa ou non, ou a transformación en produtos diferentes do queixo: iogures, xeados, manteca, nata, biscoitos, outros.

3. Diversificación do sector agrario local cara outras actividades ou producións distintas do vacún de leite.

- Fomentar a aparición de novas producións agrarias (diferentes do sector lácteo) a través das liñas de axuda.
- Promoción dos produtos agroalimentarios do territorio.

OBXECTIVOS SMART:

1. Que polo menos haxa 80.000 persoas que reciban información sobre os produtos agroalimentarios do territorio, a través de medios de comunicación, internet, en persoa, en papel ou outros.
2. Mellorar a visibilidade e comercialización dos produtos locais (producidos ou modificados no territorio), de forma que polo menos o 50% dos visitantes recoñezan, durante o paso polo UTM, un ou máis destes produtos.

4. Mellora na calidade de vida das persoas maiores e/ou da poboación infantil ou contribución á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. (Obxectivos Leader Galicia: Igualdade, Crear e mellorar servizos para mellorar o nivel de vida, inclusión social e redución da pobreza)

- Mellorar a calidade de vida das persoas maiores, impulsando, especialmente aquelas iniciativas que permiten un avellentamento digno e de calidade no fogar.
- Mellorar a calidade de vida da poboación infantil, especialmente con aquelas actuacións que favorecen a socialización como parques infantís, garderías, ludotecas, bibliotecas infantís con zona de xogo, instalacións culturais e deportivas especializadas (por exemplo, unha piscina de pouca profundidade con tobogáns) etc.

- Favorecer a visibilización da muller e a súa incorporación á primeira liña da vida política, social, cultural e económica.
- Mellorar a ratio de participación feminina en tódalas áreas do GDR: solicitudes e captación de fondos, participación nas actividades de promoción, formación etc. e representación nos órganos de goberno.
- Impulsar a aposta das empresas locais, tanto as xa asentadas como as de nova creación, por programas internos de programas de igualdade, non discriminación, conciliación familiar, cooperación, etc.

OBXECTIVOS SMART:

1. Que por lo menos un 30% das beneficiarias das axudas Leader sexan mulleres ou empresas de capital 100% feminino, e que o 40% das axudas estean asinadas por mulleres, aínda que o capital sexa mixto.
 2. Poñer en marcha como mínimo un proxecto de apoio á poboación infantil que mellore a súa socialización ou un proxecto de atención e mellora da calidade de vida das persoas maiores que viven na casa.
- 5. Desenvolvemento ambiental na economía local, orientada á redución do consumo de enerxía, á instauración de enerxías renovables, á redución do uso de materiais, da produción de residuos e da emisión de contaminantes á atmosfera e/ou á auga. (Obxectivo Leader Galicia: Fomento dunha economía baixa en carbono, entre outras: enerxías renovables e eficiencia enerxética).**
- Novas prácticas máis eficientes en tódolos sectores, con redución da contaminación, aforro enerxético, superiores ó 40%.
 - Fomento das enerxías renovables
 - Paso á certificación ecolóxica de explotacións tradicionais, ou creación de novas explotacións que se certifiquen como ecolóxicas.
 - Fomento do paso dunha economía baseada na venda de bens, a unha economía baseada na prestación de servizos que redunde na prolongación da vida dos bens e na redución da contaminación mediante a desmaterialización.
 - Auditorías enerxéticas en empresas e aquelas medidas contempladas na mesma que permitan a eficiencia (investimentos cos que se acaden aforros por riba do 40% sobre a situación inicial nese elemento, ou períodos de retorno do investimento inferiores a 4 anos)

OBXECTIVOS SMART:

1. Asentamento de (a) 2 empresas do sector ambiental ou empresas que reduzan as emisións efecto invernadoiro ou contaminantes a atmosfera ou a auga, ou ben (b) a introdución de medidas ambientais e de eficiencia enerxética en 6 empresas existentes que reduzan a contaminación polo menos nun 40% con respecto á situación inicial.

6. Impulso á innovación e apoio á instauración de empresas tecnolóxicas e con forte potencial de crecemento (Obxectivo Leader Galicia: Fomentar a innovación e a transferencia do coñecemento).

- Facilitar o uso da tecnoloxía galega nas empresas do territorio.
- Favorecer a relación da universidade e o coñecemento que nela se xera, co territorio.
- Fomentar a fixación do capital humano, sobre todo a xente nova, no territorio, mediante a creación de emprego ou autoemprego cualificado.
- Mellorar a capacidade económica do tecido empresarial mediante o asentamento de empresas con forte capacidade de crecemento e innovación.
- Impulsar a aposta das empresas locais, tanto as xa asentadas como as de nova creación, pola I+D+i nas súas respectivas actividades produtivas e prestacións de servizos.

OBXECTIVO SMART

1. Asentamento de, polo menos, dez novas empresas no territorio, das que como mínimo o 30% supoñan a aparición dun negocio inexistente ata o momento a nivel municipal.
2. Visibilizar a tecnoloxía e coñecemento empresarial galego entre as empresas locais (polo menos 20), favorecendo o networking e o intercambio de información.

7. Transformación en produtos turísticos dos principais recursos patrimoniais do territorio UTM, achegándolle ó público visitante: o modo de vida local, a cultura, a natureza, a etnografía, a gastronomía En definitiva, mellorar a súa vivencia no territorio da man dun coñecemento integral e da interacción co mesmo.

Nota: os proxectos que se poidan financiar en torno ó sector turístico dependerá do convenio asinado entre Agader e Turismo.

OBXECTIVO SMART:

1. Creación de polo menos un produto turístico atractivo en torno a un recurso turístico catalogado como prioritario na estratexia.
- 8. Valorización económica de especies forestais galegas a través de usos e explotacións alternativas.**
- Mellorar a rendibilidade económica e sustentable do monte, especialmente nos lugares con figuras de protección. Especies e usos a incentivar: calquera uso social ou económico dos espazos forestais e as especies que habitan

² Considéranse principais os seguintes recursos patrimoniais: Fervenza das Brañas, San Antolín de Toques, Mosteiro e Lagoa de Sobrado, Campamento romano da Ciadella Praza do Convento de Melide, río Ulla, Camiños de Santiago, Igrexa e Batán de Santa María de Mezonzo en Vilasantar, embalse e ferri de Portodemouros

neles.³ Evitar o abandono do monte galego coas súas conseguintes consecuencias medioambientais como, por exemplo, os incendios forestais.

OBXECTIVOS SMART:

1. Que cen persoas do territorio coñezan en profundidade técnicas de xestión forestal e aproveitamento económico das especies recollidas na estratexia ou de usos alternativos do monte, a partir de traballo técnico divulgativo e de concienciación no territorio e que poidan poñelas en marcha.
2. Mellorar a diversificación dos usos e aproveitamentos forestais, así como a rendibilidade do monte, co asentamento de dúas novas empresas relacionadas cos produtos alternativos (froitos, cogomelos, aceites, castaña, etc.) ou coa diversificación de dúas explotacións agrarias do territorio cara estes aproveitamentos como fonte de renda secundaria.
3. Mellorar o coñecemento do 80% dos comuneiros dos MVMC sobre a diversificación dos usos e aproveitamentos forestais, así como a rendibilidade do monte veciñal en man común coa posible posta en marcha de proxectos técnicos e económicos de ordenación e explotación.
4. Crear dous novos empregos no eido do sector forestal.

B. Áreas importantes da estratexia:

1. Mellora da imaxe e da comercialización da produción local do territorio (artesanía, souvenirs ou outros produtos).

- Aproveitar a capacidade de arrastre do turismo para outros produtos e outros sectores económicos, especialmente a artesanía e os produtos agroalimentarios.

³ En concreto, incentivarase o aproveitamento económico das especies recollidas no anexo I do decreto 50/2014, de 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal. Tamén se incentivará o aproveitamento de froiteiras, arbustos con froito, produtos micolóxicos, e outras plantas con tradición en Galicia: toxo, uces, xestas, vimbios... plantas ornamentais como a camelia, hortensia, ou as plantas aromáticas e medicinais. En todo caso, exclúense as coníferas non recollidas no anexo I do decreto 50/2014, o bambú, as madeiras tropicais as recollidas no Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, e na lexislación que deste decreto se derive. Poderase incentivar calquera actividade que incremente as posibilidades da rendibilidade e supervivencia das especies anteriormente mencionadas, por exemplo:

- Actividades de valorización do espazo: deportivas, educativas, sociais.
- Actividades de aproveitamento das especies para todo tipo de usos e produtos:
 - alimentación e bebida: froitos, cogomelos, licores, té, aceite, mel e calquera derivado dos produtos forestais.
 - hixiene, saúde e estética: xabón, aceites, extractos, medicina homeopática, cremas, unturas etc.
 - usos ornamentais de plantas, parte da planta, musgos ou liques
 - reprodución e venda de especies ou sementes.
 - fabrís como mobles, monturas e mangos, pipas de fumar, formas e artesanía en xeral.
 - combustible fósil, leña ou biomasa
 - Calquera que utilice subprodutos e refugallo

- Mellora do coñecemento dos nosos produtos e a súa calidade entre a poboación local e foránea.

OBXECTIVO SMART:

1. Mellorar a visibilidade e comercialización dos produtos locais, de forma que polo menos o 30% dos visitantes recoñezan estes produtos.
- 2. Desenvolvemento ambiental no tecido produtivo e económico local orientada á reutilización ou valorización de residuos nas explotacións agrarias, na actividade industrial ou en calquera outro sector.**

OBXECTIVOS SMART:

1. Contribuír á conservación do medio ambiente co asentamento dunha empresa que teña por obxecto usar subprodutos para a fabricación ou xeración de enerxía, por exemplo, o aproveitamento dos residuos do monte para producir enerxía con biomasa e a súa comercialización e/ou prestación de servizo, ou unha empresa que recicle plásticos para material de construción etc.
- 3. Valorización do patrimonio, promoción turística ou da xeración de produtos turísticos ou vivencias para turistas baseados en elementos patrimoniais distintos dos recollidos como prioritarios na estratexia.**
 - Crear produtos turísticos
 - Mellorar a experiencia do peregrino no Camiño de Santiago e achegarlle a riqueza do territorio para:
 - Incrementar o gasto diario.
 - Incrementar o número de días no territorio.
 - Conseguir unha segunda visita
 - Promoción turística do territorio:
 - Camiño Norte e Camiño Primitivo.
 - Promocionar e conseguir o recoñecemento oficial da Ruta do Holandés.
 - Promocionar o patrimonio arquitectónico e natural do territorio. Especialmente aqueles elementos determinados como prioritarios na estratexia.

OBXECTIVOS SMART:

1. Facer visible para as persoas que fan o camiño información sobre o territorio, ben en albergues, ou na rúa, no Camiño....en forma de exposición, folletos, mapas, sinalización.... Polo menos durante un verán.
2. Crear polo menos dous negocios que melloren o servizo ó peregrino.

V. PLAN DE ACCIÓN

Neste apartado inclúese o plan de accións, é dicir, o conxunto de actuacións que prevé o GDR Ulla Tambre Mandeo as cales permitan a consecución ou o avance nos obxectivos especificados no apartado anterior. O plan de acción inclúe a totalidade das dimensións e ferramentas postas a disposición do GDR Ulla Tambre Mandeo para a cristalización efectiva destes obxectivos, as cales podemos sintetizar nas seguintes:

- Puntuación extra no baremo de valoración de proxectos polos cales se rixen as axudas ós promotores de proxectos con base en criterios relativos ós obxectivos e ás áreas de actuación prioritaria do GDR Ulla Tambre Mandeo.
- Establecemento dos criterios e regras segundo as cales se acepta a subvencionalidade, ou non, dos proxectos de comercio polo miúdo e os de actividades asimiladas, así como as iniciativas que teñan por obxecto a rehabilitación ou contrución de centros sociais, recollidas nas limitacións sectoriais das bases.
- As actividades de difusión e promoción territorial (animación) que deseñe o GDR Ulla Tambre Mandeo en coherencia coa estratexia de desenvolvemento local.
- As actividades de formación para o emprego que deseñe o GDR Ulla Tambre Mandeo en coherencia coa estratexia de desenvolvemento local.

Ó igual que ó construír a matriz DAFO territorial onde se estableceu a diagnose do territorio, de forma obxectiva e tamén participativa, o plan de acción que se reflicte a continuación, está dividido segundo as áreas temáticas especificadas ó principio do proceso: agrario, forestal, industria e comercio e sociedade e xénero.

O esquema que se segue dentro da cada área temática para o plan de acción é o seguinte:

- Liñas estratéxicas de cada área temática
- Conxunto de medidas que integran o plan de acción no tocante ás catro ferramentas coas que conta o GDR.
- Táboa de síntese sobre cales son perseguidos Obxectivos GDR e os Obxectivos Leader Galicia 2014-2020 polas accións.

En concreto, os obxectivos do Leader Galicia 2014-2020 son os que se reflicten a continuación:

Obxectivo	OBXECTIVO
A.	Crear e manter emprego
B.	Crear e mellorar servizos para mellorar o nivel de vida, inclusión social e redución da pobreza
C.	Igualdade
D.	Sustentabilidade e coidado dos recursos naturais
E.	Gobernanza local e animación social do territorio
F.	Fomento dunha economía baixa en carbono, entre outras: enerxías renovables e eficiencia enerxética
G.	Fomentar a innovación e a transferencia do coñecemento
H.	Medio ambiente: obxectivo transversal

SECTOR AGRARIO

O conxunto de LIÑAS ESTRATÉXICAS que se recollen son as seguintes:

- Mellorar a rendibilidade económica do sector agrario, tanto no eido da agricultura como no eido da gandería coa diversificación do mesmo cara novos cultivos e produtos.
- Equilibrar a xeración de valor engadido ó longo da cadea de valor do sector lácteo, favorecendo a diferenciación do leite en orixe (calidade, marca, comercialización directa, etc.), a súa transformación noutros produtos lácteos ou o aproveitamento de subprodutos por parte dos produtores.
- Potenciar os produtos agroalimentarios locais do territorio así como as empresas elaboradoras.
- Favorecer a consolidación, crecemento e promoción da D.O.P. Queixo Arzúa-Ulloa, signo de identidade do territorio.
- Favorecer a economía verde no sector primario local, apostando polas producións ecolóxicas e/ou respectuosas co medio ambiente, o aforro enerxético nas explotacións e o paso a unha economía baixa en carbono.

OBXECTIVOS SMART:

- a. Incrementar o amor propio e a consciencia da calidade dos produtos locais así como a súa promoción directa pola poboación e negocios locais a través da consolidación de, polo menos, 20 novos espazos (lineais, “corners”, espacio destacado nas cartas dos restaurantes, anuncios etc.) nos que se promocionen e comercialicen os produtos agroalimentarios locais con marca propia; xa sexa en negocios previamente existentes ou de nova creación.
- b. Facer do queixo e dos produtos agroalimentarios un produto e reclamo turístico co desenvolvemento por parte do sector, cando menos dunha iniciativa, de actividades de agroturismo, turismo industrial agroalimentario, museo, visitas guiadas, exposicións etc.
- c. Dotar de valor engadido ó leite local, como o envasado con marca propia, a transformación en queixo, xa sexa amparado pola D.O.P Arzúa-Ulloa ou a transformación en produtos diferentes do queixo: iogures, xeados, manteca, nata, biscoitos, outros; coa incorporación de cómo mínimo dúas iniciativas.

MEDIDAS CONCRETAS:

1. Financiamento de comercio polo miúdo:
 - a. Financiar a posta en marcha de todos aqueles comercios, ou a adaptación dos negocios existentes, que teñan por obxectivo a venda de produtos agroalimentarios do territorio e/ou queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa, tanto en explotacións, como en comercios, venda a domicilio, por internet ou calquera outra fórmula

Obxectivos ós que contribúe:												
Do Leader Galicia								Do UTM				
A	✓	B	C	D	E	F	G	H	a	✓	b	✓

- b. Financiar as obras de adaptación ou compra de elementos que teñan como finalidade reservar un espazo destacado, dentro dun comercio ou negocio de hostalaría, para a venda de produtos agroalimentarios do territorio, produtos ecolóxicos do territorio e/ou queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa.

Obxectivos ós que contribúe:												
Do Leader Galicia								Do UTM				
A	✓	B	C	D	E	F	G	H	a	✓	b	✓

2. PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Financiamento de proxectos non produtivos que teñan por finalidade a promoción do queixo Arzúa-Ulloa ou os produtos agroalimentarios do territorio: Prioridade media, ata o 70%.

Obxectivos ós que contribúe:												
Do Leader Galicia								Do UTM				
A	✓	B	C	D	E	F	G	H	a	✓	b	✓

3. PUNTUACIÓN EXTRA NO BAREMO

Potenciar os proxectos produtivos que teñan por obxecto a valorización do leite, mediante transformación, ou diferenciación a través de etiquetado con marca propia, ou diferenciación por calidade: artesán, D.O.P., ecolóxico... e potenciar as pequenas produtoras de queixo, teñan ou non explotación de vacún. Concretamente, establécense áreas prioritarias e importantes, as cales no ámbito agrario afectan ó seguinte:

Áreas prioritarias:

- Transformación, mellora na comercialización e mellora da imaxe do leite ou dos produtos lácteos e produtos agroalimentarios do territorio con marca propia.
- Diversificación do sector primario cara outras actividades ou producións diferentes do vacún de leite.

Áreas importantes:

- Que melloren a imaxe e comercialización dos produtos do territorio (artesanía, souvenirs ou produtos agroalimentarios).

Obxectivos ós que contribúe:														
Do Leader Galicia								Do UTM						
A	✓	B	C	D	E	✓	F	✓	G	H	a	✓	b	✓

4. FORMACIÓN

Na formación incluída no plan relativa ó sector agrario, concrétase na seguinte:

a. Transformación do leite en ecolóxicos:

- Curso de transformación do leite en queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa en pequenas industrias “caseiras”. Proceso, requisitos e adhesión á D.O.P (voluntaria).
- Curso de transformación do leite en produtos distintos do queixo.

Obxectivos ós que contribúe:																	
Do Leader Galicia								Do UTM									
A	✓	B		C	D	E	✓	F	✓	G	✓	H	✓	a	✓	b	✓

- c. Curso de comercialización de produtos lácteos: marketing e técnicas de venda

Obxectivos ós que contribúe:																	
Do Leader Galicia								Do UTM									
A	✓	B		C	D	E	✓	F	✓	G	✓	H	✓	a	✓	b	✓

- a. Curso de axudante de granxa e novas tecnoloxías para o greening

Obxectivos ós que contribúe:																	
Do Leader Galicia								Do UTM									
A	✓	B	✓	C	D	E	✓	F		G	✓	H	✓	a	✓	b	

5. PROXECTOS DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN

- a. Deseño e realización dunha Ruta turística do queixo, a través das visitas a explotacións de vacún e queixerías, para peregrinos/as e para xente local. Pódese facer como proxecto piloto demostrativo, de 2-3 meses de duración, coa finalidade de que se consolide como unha iniciativa empresarial privada a partir do efecto demostrativo.

Obxectivos ós que contribúe:																	
Do Leader Galicia								Do UTM									
A	✓	B	✓	C	D	E	✓	F		G	✓	H		a	✓	b	✓

- b. Festa do agro actual a través da teatralización da vida no rural do século XXI co obxectivo de divulgar un agro moderno, sostible, innovador e con garantías; coa finalidade de derrubar falsos mitos, divulgar a calidade de vida e oportunidades no mesmo e atraer á poboación local e foránea cara o territorio. Realizárase nun ano concreto coas explotacións e empresas locais punteiras da man do GDR para, a continuación, tentar que sexa un evento anual autónomo.

Obxectivos ós que contribúe:																	
Do Leader Galicia								Do UTM									
A		B		C	D	E	✓	F		G	✓	H		a	✓	b	✓

- a. Proxecto do GDR que teña por finalidade poñer en valor recursos infrautilizados no territorio e facilitar o acceso de empresas xa asentadas e novas empresas a estes recursos. Ademais daríase asesoramento a estas empresas a través de persoal especializado en diferentes aspectos empresariais cotiáns de xestión: técnicas de venda, deseño de imaxe corporativa, negociación bancaria, posibles medios financeiros, planeamento estratéxico, xestión do tempo e do espazo, aforro enerxético, negociación con provedores etc.

Crearíase un banco de:

- a. Fincas abandonadas. O GDR faría labor de captación e posteriormente coordinaría accións co Bantegal para poñelas ó servizo da iniciativa privada.

b. Locais e edificios públicos e privados que se poidan ceder ou alugar a empresas, coas condicións que estableza o propietario. (recomendación UE usos alternativos para edificios públicos, terreos etc.)

c. Recursos financeiros, principalmente de empresarios e empresarias xa asentados que queiran participar no capital de empresas de nova creación e que estean buscando recursos para financiarse. Obxectivo UE: mobilizar o aforro local Valle del l' -aspe Francia)

Obxectivos ós que contribúe:									
Do Leader Galicia								Do UTM	
A	✓	B	✓	C	✓	D		E	✓
F		G	✓	H	✓	a		b	

SECTOR FORESTAL

O conxunto de LIÑAS ESTRATÉXICAS que se recollen na estratexia son as seguintes:

— Mellorar a rendibilidade económica e sustentable do monte, a través do uso e fomento das especies autóctonas, especialmente nos lugares con figuras de protección. Especies e usos a incentivar: calquera uso social ou económico dos espazos forestais e as especies que habitan neles.

Poderase incentivar calquera actividade que incremente as posibilidades da rendibilidade e supervivencia das especies anteriormente mencionadas, por exemplo:

- Actividades de valorización do espazo: deportivas, educativas, sociais.

- Actividades de aproveitamento das especies para todo tipo de usos e produtos:

- alimentación e bebida: froitos, cogomelos, licores, té, aceite, mel e calquera derivado dos produtos forestais.
- hixiene, saúde e estética: xabón, aceites, extractos, medicina homeopática, cremas, unturas etc.
- usos ornamentais de plantas, parte da planta, musgos ou liques
- reprodución e venda de especies ou sementes.
- fabrís como mobles, monturas e mangos, pipas de fumar, hormas e artesanía en xeral.
- combustible fósil, leña ou biomasa
- Calquera que utilice subprodutos e refugallos.

— Evitar o abandono do monte galego coas súas conseguíntes consecuencias medioambientais como, por exemplo, os incendios forestais.

OBXECTIVOS:

- a. Que cen persoas do territorio coñezan en profundidade técnicas de xestión forestal e aproveitamento económico das especies recollidas na estratexia ou de usos alternativos do monte, a partir de traballo técnico divulgativo e de concienciación no territorio e que poidan poñelas en marcha.
- b. Mellorar a diversificación dos usos e aproveitamentos forestais, así como a rendibilidade do monte, co asentamento de dúas novas empresas relacionadas cos produtos alternativos (froitos, cogomelos, aceites, castaña, etc.) ou coa diversificación de dúas explotacións agrarias do territorio cara estes aproveitamentos como fonte de renda secundaria.
- c. Mellorar o coñecemento do 80% dos comuneiros dos MVMC sobre a diversificación dos usos e aproveitamentos forestais, así como a rendibilidade do monte veciñal en man común coa posible posta en marcha de proxectos técnicos e económicos de ordenación e explotación.

- d. Contribuír á conservación do medio ambiente coa redución de incendios forestais e o aproveitamento dos residuos do monte mediante o asentamento ou modernización dunha empresa que use subprodutos ou do sector da produción enerxética de biomasa e a súa comercialización e/ou prestación de servizo.
- e. Crear dous novos empregos no eido do sector forestal.

MEDIDAS CONCRETAS:

1. PUNTUACIÓN EXTRA NO BAREMO:

- a. Proxectos que teñan como obxecto fundamental a valorización e rendibilidade económica e sustentable das especies forestais galegas a través de usos alternativos, tal e como se recollen na liña estratéxica, ou, cando menos, que contribúan á mesma.
- b. Proxectos de intervención no medio natural para mellorar ou conservar a biodiversidade no monte galego.
- c. Actuacións non produtivas que melloren a prevención dos incendios forestais.

Obxectivos ós que contribúe:																									
Do Leader Galicia												Do UTM													
A	✓	B		C		D	✓	E		F		G	✓	H	✓	a		b	✓	c	✓	d	✓	e	✓

2. DIFUSIÓN

1. Proxecto do GDR que teña por finalidade poñer en valor recursos infrautilizados no territorio e facilitar o acceso de empresas xa asentadas e novas empresas a estes recursos (ver apartado a das medidas do sector agrícola)O banco inclúe, entre outros recursos, fincas forestais.

Obxectivos ós que contribúe:																									
Do Leader Galicia												Do UTM													
A	✓	B	✓	C	✓	D		E	✓	F		G	✓	H	✓	a		b		c		d	✓	e	✓

2. Proxecto do GDR que teña por obxecto a realización dun estudo técnico onde se recolla, entre outros, contidos sobre: características físicas das terras forestais do UTM, posibilidades de aproveitamento económico do monte do UTM con especies forestais autóctonas mediante unha xestión ecolóxica: castiñeiros, nogueiras, cerdeira, froiteiras, camelias, etc. a través da súa explotación madeireira e de produtos ou subprodutos. As conclusións e resultado do estudo utilizarase para:

- Ano 1: divulgación ó público en xeral cun dobre obxectivo: concienciación para o coidado e a explotación sostible do monte e motivación para a explotación economicamente rendible do monte.

- Ano 3: proxecto piloto nunha parcela cedida ó GDR, a través dun convenio de colaboración ou similar, onde se implantarán os cultivos, usos e aproveitamentos que se conclúan como máis rendibles e vantaxosos; co obxectivo de que sirva de efecto demostrativo de cara á poboación local como medio de vida ou, cando menos, fonte de renda secundaria.

- Ano 4: promoción dos produtos forestais locais coa creación dunha marca propia do territorio, baixo a que poidan ampararse as explotacións postas en marcha durante o período do Leader 2014-2020 ata o momento. Por exemplo: licores, conservas, té, produtos de estética e saúde, etc.

- Ano 6: fomento da exportación de produtos forestais destes produtos (No seguinte período do Leader)

Obxectivos ós que contribúe:																						
Do Leader Galicia												Do UTM										
A	B	✓	C	D	✓	E	✓	F	G	✓	H	✓	a	✓	b	✓	c	✓	d	✓	e	✓

3. FORMACIÓN

Proxecto de formación para o emprego a vinte persoas orientado á explorar novos aproveitamentos de especies autóctonas: produtos agroalimentarios do monte, artesanía, fabrís, prestación de servizos (deporte, social, cultural), etc. Comporíase dunha parte teórica de coñecemento das posibilidades recollidas no estudo técnico realizado con anterioridade polo GDR, así como dunha parte práctica que se constituiría como un proxecto piloto de índole demostrativa.

Obxectivos ós que contribúe:																							
Do Leader Galicia												Do UTM											
A	✓	B	C	✓	D	✓	E	✓	F	✓	G	H	✓	a	✓	b	✓	c	✓	d	✓	e	✓

INDUSTRIA E COMERCIO

O conxunto de LIÑAS ESTRATÉXICAS que se recollen na estratexia son as seguintes:

- Mellorar a innovación e potenciar empresas tecnolóxicas, ambientais e con forte potencial de crecemento.
- Diversificar e mellorar o tecido empresarial.
- Potenciar o asentamento de empresas e facilitar o emprendemento.

OBXECTIVOS SMART:

- a. Mellorar a visibilidade e comercialización dos produtos locais, de forma que a lo menos o 50% dos visitantes recoñezan, durante o paso polo UTM, un ou máis produtos locais, ben sexan agroalimentarios (queixo D.O.P., melindres...) ou artesanais.
- b. Contribuír á conservación do medio ambiente e o paso a unha economía baixa en carbono mediante o asentamento de 2 empresas do sector ambiental ou empresas que reduzan as emisións efecto invernadero ou contaminantes a atmósfera ou a auga, ou ben a introdución de medidas ambientais e de eficiencia enerxética en 6 empresas existentes.
- c. Asentamento de 10 novas empresas no territorio, das que a lo menos o 30% supoñan a aparición dun negocio inexistente ata o momento a nivel municipal, de forma que se diversifique a economía.
- d. Crear 25 novos empregos dos cales a lo menos o 20% sexan empregos de calidade (con cualificación de estudos superiores e/ou salarios superiores á media galega).

MEDIDAS CONCRETAS:

1. Será subvencionable o comercio polo miúdo e empresas de servizos unicamente nos seguintes supostos:

- a. Será subvencionable calquera comercio polo miúdo ou servizo sempre e cando non exista ningún no municipio. Será o concello o encargado de certificar a inexistencia do negocio. Ningún proxecto será subvencionable sen a certificación municipal correspondente neste sentido.

Obxectivos ós que contribúe:																							
Do Leader Galicia								Do UTM															
A	✓	B	✓	C		D		E		F		G	✓	H		a		b		c	✓	d	✓

- b. Cando só exista un negocio no concello, un comercio dunha determinada tipoloxía, ou que preste un determinado servizo, por exemplo, zapatería, peixería, perruquería, tinturaría etc., será subvencionable a mellora, modernización ou ampliación dese negocio, sempre e cando parte dos investimentos estean destinados á redución da contaminación producida pola actividade, medidas de eficiencia enerxética ou uso de enerxías renovables, ou ben parte dos investimentos estean destinados a visibilizar e mellorar a comercialización dos produtos locais con marca propia (artesanía, souvenirs ou agroalimentarios). A lo menos un 15% do investimento total subvencionable en ambos casos:

c.

Obxectivos ós que contribúe:																							
Do Leader Galicia								Do UTM															
A	✓	B		C		D	✓	E		F	✓	G	✓	H	✓	a	✓	b	✓	c		d	✓

Ademais destes supostos, serán tamén financiáveis os seguintes casos:

- d. Será subvencionable a venda polo miúdo de recordos e souvenirs orientada ó turista (peregrino ou non) cando os produtos sexan fabricados no territorio e, se está situado no Camiño de Santiago, o comercio ofrezca ó peregrino un sistema de envío a domicilio.

Obxectivos ós que contribúe:																							
Do Leader Galicia								Do UTM															
A	✓	B		C		D		E		F		G	✓	H		1	✓	2		3	✓	4	✓

- e. No trazado do Camiño Norte, Primitivo e Ruta do Holandés serán subvencionables os comercios e negocios de servizos orientados ó peregrino sempre e cando fagan promoción e venda de produtos locais (entre outros). Exclúense bares, cafeterías, supermercados e ultramarinos.

Obxectivos ós que contribúe:																							
Do Leader Galicia								Do UTM															
A	✓	B		C		D		E		F		G	✓	H		a	✓	b		c	✓	d	✓

- f. Será subvencionable o comercio polo miúdo de produtos agroalimentarios do territorio, queixo D.O.P. Arzúa Ulloa e ecolóxicos.

Obxectivos ós que contribúe:																							
Do Leader Galicia								Do UTM															
A	✓	B		C		D	✓	E		F	✓	G		H	✓	a	✓	b		c	✓	d	✓

- g. En negocios xa establecidos, de hostalería, comercio e outros, será subvencionable o investimento necesario para destinar un espazo á venda de produtos agroalimentarios do territorio, queixo D.O.P. Arzúa Ulloa ou ecolóxicos. (Recomendación da UE: promover os circuitos curtos de comercialización. “incredibly edible” ou Prove Portugal).

Obxectivos ós que contribúe:													
Do Leader Galicia								Do UTM					
A	B	C	D	E	F ✓	G	H ✓	a ✓	b	c	d		

- h. Serán subvencionables aqueles proxectos que consistan en actividades que substitúan un ben por un servizo, ou animen o uso do servizo compartido dun produto co obxectivo final de prolongar a vida dos bens e reducir a contaminación mediante a desmaterialización. Exemplos: unha empresa que en vez de ofrecer un servizo de pintura de paredes ofrece o servizo de ter unha determinada superficie pintada e ben conservada durante X anos. Empresa que en vez de vender televisores ofrece ós seus clientes X anos de televisión, garantindo unha tecnoloxía axeitada e a calidade do servizo. Unha empresa que ofrece unha iluminación durante X anos, en vez de vender as lámpadas. Ou un negocio que garanta nun fogar ou oficina unha temperatura de 21º.

Obxectivos ós que contribúe:													
Do Leader Galicia								Do UTM					
A ✓	B	C	D ✓	E	F ✓	G ✓	H ✓	a	b ✓	c	d ✓		

2. PUNTUACIÓN EXTRA NO BAREMO

Puntuación extra no baremo a empresas dos seguintes sectores: (recomendación UE: formación e entrada nos sectores máis estables ou en crecemento. Explorar novos mercados relacionados co cambio climático, o aforro da enerxía e a produción, a prevención, a saúde, a cultura e a economía dixital).

- a. Empresas do sector ambiental dedicadas a: enerxías renovables, aforro enerxético e produción, ecodeseño, reutilización de residuos, reciclaxe etc.
- b. Empresas tecnolóxicas ou baseadas no coñecemento con emprego ou autoemprego maioritariamente cualificado (con estudos superiores).
- c. Empresas dedicadas á investigación e innovación.
- d. Empresas da economía dixital.

Obxectivos ós que contribúe:													
Do Leader Galicia								Do UTM					
A ✓	B	C	D ✓	E	F ✓	G ✓	H ✓	a	b ✓	c ✓	d ✓		

3. DIFUSIÓN

Proxecto do GDR que teña por finalidade poñer en valor recursos infrautilizados no territorio (ver proxecto no apartado do sector agrícola). Entre outros recursos, este proxecto pretende poñer a disposición das persoas emprendedoras, locais e naves baleiros.

Obxectivos ós que contribúe:																					
Do Leader Galicia								Do UTM													
A	✓	B	✓	C	✓	D		E	✓	F		G	✓	H		1	2	3	✓	4	✓

4. FORMACIÓN

Curso de emprendemento que sirva, por unha parte, para madurar unha idea e formarse nas áreas necesarias para poñer en marcha unha idea de negocio (e sobrevivir) baseada nas TICs, e por outra banda, para introducir e visibilizar a mulleres en sectores punteiros: empresas tecnolóxicas, enxeñerías, empresas innovadoras, novas tecnoloxías etc. de forma que non se perpetúe a situación de emprego feminino nos sectores con menor valor engadido. Acudirán como ponentes persoas de empresas de base tecnolóxica, persoas do rural que investiron en empresas punteiras sen irse á cidade, proxectos de granxas verdes que usan alta tecnoloxía para innovar e producir ...

Duración: 2 días intensivos de 6 horas cada un sobre casos e prácticas de éxito e 5 días de introdución a diferentes materias de interese: finanzas, marketing...

Obxectivos ós que contribúe:																					
Do Leader Galicia								Do UTM													
A	✓	B	✓	C	✓	D		E	✓	F	✓	G	✓	H		1	2	3	✓	4	✓

TURISMO

O conxunto de LIÑAS ESTRATÉXICAS que se recollen na estratexia son as seguintes:

- Transformación en produtos turísticos dos principais recursos patrimoniais do territorio, achegándolle ós visitantes o modo de vida local, a cultura, a natureza, a etnografía, a gastronomía etc. En definitiva, produtos turísticos estruturados que melloren a vivencia do turista e a interacción co territorio.

OBXECTIVO SMART:

- a. Creación de polo menos un produto turístico atractivo en torno a un recurso catalogado como prioritario na estratexia.

En primeiro lugar, aqueles elementos capaces, por si solos, de atraer visitantes e determinados como prioritarios na estratexia: Embalse e ferri de Portodemouros, Praza do Convento, Mosteiro e lagoa de Sobrado, Mosteiro de San Antolín e Fervenza das Brañas de Toques, Ribeira do Ulla, Igrexa de Santa María e batán de Mezonzo e Camiños de Santiago. En particular:

- Promocionar o río Ulla como recurso turístico ambiental, sostible e accesible.
- Mellorar a experiencia do peregrino no Camiño de Santiago e achegarlle a riqueza do territorio para:
 - Incrementar o gasto diario.
 - Incrementar o número de días no territorio.
 - Conseguir unha segunda visita

En segundo lugar, a todos os demais recursos patrimoniais do territorio.

Aproveitar a capacidade de arrastre do turismo para outros produtos e outros sectores económicos, especialmente a artesanía e os produtos agroalimentarios.

Promoción turística do territorio:

- Camiño Norte e Camiño Primitivo.
- Promocionar e conseguir o recoñecemento oficial da Ruta do Holandés.
- Promocionar o patrimonio arquitectónico e natural do territorio. Especialmente aqueles elementos determinados como prioritarios na estratexia.

MEDIDAS CONCRETAS:

1. PUNTUACIÓN EXTRA NO BAREMO

Puntos no baremo para aquelas actuacións produtivas que teñan por obxecto mellorar as posibilidades de compra dos turistas de produtos do territorio: compra on-line, organización dun modo de envío a domicilio ou calquera outro que dea a coñecer os nosos produtos e facilite a compra e transporte dos mesmos.

Puntos no baremo para aquelas actuacións produtivas ou non produtivas que teñan como finalidade:

- a. A promoción, valorización, creación de produtos turísticos ou elaboración e venda de paquetes turísticos e que afecten exclusivamente ou fundamentalmente ós elementos patrimoniais máis importantes do territorio (aqueles que aparecen con tres estrelas no mapa turístico elaborado polo GDR no anterior Leader). Os de dúas e unha estrela tamén levarán puntos no baremo, pero menos.

- b. A promoción, valorización, creación de produtos turísticos ou servizos que melloren ou amplíen a calidade e comodidade dos peregrinos no Camiño Norte, Camiño Primitivo e Ruta do Holandés.

Obxectivos ós que contribúe:																
Do Leader Galicia								Do UTM								
A	✓	B	✓	C		D		E		F		G	✓	H	a	✓

2. PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Prioridade media (ata 70%) para todos aqueles proxectos non produtivos que teñan por finalidade a promoción de expresións artísticas modernas do noso territorio: pintura, música, cine etc.

Obxectivos ós que contribúe:																
Do Leader Galicia								Do UTM								
A		B	✓	C		D		E	✓	F		G		H	a	✓

3. FORMACIÓN

Formación a persoas para o sector turístico ambiental que incluíría:

- Inglés práctico
- Coñecemento do medio natural e principais elementos patrimoniais do territorio.
- Educación ambiental básica. Turismo sostible.
- Como guiar unha visita turística ambiental. Estándares de calidade.
- Como guiar unha visita de turismo industrial e agroalimentario.
- Organización de actividades para grupos de carácter lúdico-ambientais.

Obxectivos ós que contribúe:																
Do Leader Galicia								Do UTM								
A	✓	B	✓	C	✓	D	✓	E	✓	F		G		H	a	✓

4. DIFUSIÓN

RUTA AGROALIMENTARIA: Ver no apartado do sector agrícola

Obxectivos ós que contribúe:																
Do Leader Galicia								Do UTM								
A	✓	B	✓	C	✓	D		E	✓	F		G	✓	H	a	✓

ESTUDO DA FLORA E FAUNA: Estudo, publicación e distribución dunha guía coa principal flora e fauna do territorio, así como os elementos etnográficos do territorio, especialmente centrada no Río Ulla.

Obxectivos ós que contribúe:																	
Do Leader Galicia								Do UTM									
A		B		C		D	✓	E		F		G		H	✓	a	✓

SOCIEDADE E XÉNERO

O conxunto de LIÑAS ESTRATÉXICAS que se recollen na estratexia son as seguintes:

- Reducir o paro de longa duración.
- O obxectivo do Leader: crear e mellorar servizos para mellorar o nivel de vida, inclusión social e redución da pobreza.
- Igualdade como obxectivo transversal. Isto significa establecer a perspectiva de xénero en tódalas áreas do GDR: órganos de goberno, subvencións, accións de difusión e formación etc.
- Que a lo menos un 30% das beneficiarias das axudas Leader sexan mulleres.
- Mellorar o nivel de renda da poboación.

OBXECTIVOS SMART:

- a. Que todas as persoas que emprendan un negocio no territorio coñezan o GDR Ulla Tambre Mandeo e as axudas do Leader.
- b. Que por lo menos un 30% das beneficiarias das axudas Leader sexan mulleres.
- c. Que polo menos o 30% dos empregos creados no Leader se fagan a persoas desempregadas de longa duración, ou que teñan un salario maior ó da media galega no 2014.
- d. Que como mínimo un 70% dos representantes das entidades no GDR participen en actividades ou reunións do GDR polo menos dúas veces ó ano.
- e. Que cada ano entren un mínimo de tres novas entidades asociadas ó GDR.

MEDIDAS CONCRETAS:

1. PUNTUACIÓN EXTRA NO BAREMO

Contemplan no **baremo**, con puntuación adicional, as seguintes condicións:

- Que a persoa (ou persoas) solicitante sexa parada de longa duración.
- Que o proxecto xere emprego de calidade, en salario ou cualificación.
- Que a persoa (ou persoas) solicitante sexa muller.
- Que a persoa que asina a solicitude sexa muller, independentemente de que represente a unha entidade formada por homes e mulleres.
- Que o proxecto teña por obxectivo mellorar a calidade de vida da poboación maior ou dos nenos e nenas.
- Que o proxecto teña por obxectivo (ou como consecuencia) crear infraestruturas que sirvan para liberar as mulleres das tarefas da casa tradicionalmente levadas a cabo por elas: coidado de persoas dependentes, principalmente.
- Puntos extra no baremo para os seguintes condicionantes:
 - Empresas que aproveiten e poñan en valor infraestruturas abandonadas.
 - Iniciativas colectivas, de máis dunha persoa física ou xurídica, que se unan para poñer en marcha o proxecto (novas unións).
 - Que para a persoa/s promotora/s teñan unha cualificación específica para desenvolver a actividade que están a poñer en marcha (Recomendación UE: apoiar a transición dos estudos ó traballo)

Obxectivos ós que contribúe:																				
Do Leader Galicia								Do UTM												
A	✓	B	✓	C	✓	D	✓	E	F	✓	G	H	✓	a	b	c	✓	d	✓	e

2. FORMACIÓN

Curso de emprendemento que sirva, por unha parte para profesionalizar as actividades que actualmente están realizando as mulleres en precario: limpeza, coidado de persoas dependentes etc. e por outra banda, para introducir e visibilizar a mulleres en sectores punteiros: empresas tecnolóxicas, enxeñerías, empresas innovadoras, novas tecnoloxías etc. de forma que non se perpetúe a situación de emprego feminino nos sectores con menor valor engadido.

Obxectivos ós que contribúe:																	
Do Leader Galicia								Do UTM									
A	✓	B	C	D	E	✓	F	G	✓	H	a	b	c	✓	d	✓	e

3. DIFUSIÓN

Campaña inicial de difusión do Leader para dar a coñecer as axudas, con medidas consensuadas na xunta directiva. Entre elas propónse:

- i. Pedirle as ANPAs que formen parte do GDR e incrementar a base social do GDR.
- ii. Ir a unha reunión da ANPA e informar sobre a existencia do GDR.
- iii. Publicitarse nos tablóns dos concellos
- iv. Ter un enlace da web do GDR nas webs dos concellos
- v. Publicidade nas igrexas
- vi. Anuncio en prensa

Campaña de difusión do Leader a mediados do programa, co deseño da acción por parte da xunta directiva segundo como se detecten nas necesidades.

Obxectivos ós que contribúe:																
Do Leader Galicia								Do UTM								
A	B	C	D	E	✓	F	G	H	a	✓	b	c	✓	d	e	✓

DOCUMENTO DE SÍNTESE DOS CRITERIOS E REGRAS ESPECÍFICOS RELATIVOS Á SUBVENCIONALIDADE DO COMERCIO POLO MIÚDO, AS ACTIVIDADES ASIMILADAS E OS CENTROS SOCIAIS

Despois de especificar os obxectivos da estratexia de desenvolvemento rural así como de recoller as achegas do proceso participativo sobre as medidas de actuación que levar a cabo para a súa cristalización, sintetízanse neste apartado específico aquelas que teñen que ver coa subvencionalidade do comercio polo miúdo, das actividades asimiladas e o dos centros sociais.

CENTROS SOCIAIS

Só serán financiáveis os proxectos que teñan por obxecto a recuperación, modernización, ampliación ou creación de centros sociais que se recollen a continuación:

- Centro social en Pezobrés, Santiso.
- Punto de encontro de San Vicente, en Vilasantar
- Centro Social de Barreiro, en Melide
- Centro Social de Arcediago, en Santiso
- Centro social de Arceo, en Boimorto

COMERCIO POLO MIÚDO E ACTIVIDADES ASIMILADAS

Será subvencionable o comercio polo miúdo e empresas de servizos ás que se refiren as limitacións sectoriais nas bases, nos seguintes supostos:

- a. Será subvencionable calquera comercio polo miúdo ou servizo sempre e cando non exista ningún no municipio. Será o concello o encargado de certificar a inexistencia do negocio. Ningún proxecto será subvencionable sen a certificación municipal correspondente neste sentido.
- b. Cando só exista un negocio no concello, un comercio dunha determinada tipoloxía, ou que preste un determinado servizo, por exemplo, zapatería, peixería, perruquería, tinturaría etc., será subvencionable a mellora, modernización ou ampliación dese negocio, sempre e cando parte dos investimentos estean destinados á redución da contaminación producida pola actividade, medidas de eficiencia enerxética ou uso de enerxías renovables, ou ben parte dos investimentos estean destinados a visibilizar e mellorar a comercialización dos produtos locais con marca propia (artesanía, souvenirs ou agroalimentarios). A lo menos un 15% do investimento total subvencionable en ambos casos. Será o concello o encargado de certificar a existencia dun único negocio. Ningún proxecto será subvencionable sen a certificación municipal correspondente neste sentido.

Ademais destes supostos, serán tamén financiáveis estes proxectos nos seguintes casos:

- c. Será subvencionable a venda polo miúdo de arte, artesanía, recordos e souvenirs orientada ó turista, peregrino ou non, cando os produtos sexan fabricados no territorio e, se está situado no Camiño de Santiago, o comercio ofrezca ó peregrino un sistema de envío a domicilio.

- d. En atención á falta actual de servizos e polas súas características de Camiño de Peregrinaxe, no trazado do Camiño Norte, Primitivo e Ruta do Holandés serán subvencionables os comercios e negocios que a continuación se relacionan sempre e cando fagan promoción e venda de produtos locais (entre outros)⁴. Exclúense bares, cafeterías, supermercados e ultramarinos.
- Os relacionados coa bicicleta: Venta, reparación, alquiler, aparcamento e lavado.
 - Os relacionados co coidado dos cabalos en ruta: gardado, alimentación e limpeza.
 - Información e venda sobre divulgación do territorio ou de Galicia: libros (gastronomía, patrimonio, fotografía, arte...), música, postais.
 - Puntos de acceso a internet e locutorios.
 - Coidado corporal e recuperación: masaxes, fisioterapia, acuaterapia, homeopatía, terapias, substancias e remedios naturais.
 - Restauración con exaltación, entre outros produtos galegos, da produción local
 - Aloxamento (actualmente excluído no convenio Turismo-Agader)
 - Tendas de comida preparada (agás panaderías, pastelerías e charcuterías) e máquinas de vending.
 - Servizo de limpeza e lavado de roupa.
- e. Será subvencionable o comercio polo miúdo de produtos agroalimentarios do territorio (producido ou con valor engadido local: transformado, ou etiquetado), queixo D.O.P. Arzúa Ulloa e ecolóxicos. (Recomendación da UE: promocionar os circuitos curtos de comercialización. “incredibly edible” ou Prove Portugal).
- f. Serán subvencionables aqueles proxectos que consistan en actividades que substitúan un ben por un servizo, ou animen o uso do servizo compartido dun produto co obxectivo final de prolongar a vida dos bens e reducir a contaminación mediante a desmaterialización. Exemplos: unha empresa que en vez de ofrecer un servizo de pintura de paredes ofrece o servizo de ter unha determinada superficie pintada e ben conservada durante X anos. Empresa que en vez de vender televisores ofrece ós seus clientes X anos de televisión, garantindo unha tecnoloxía axeitada e a calidade do servizo. Unha empresa que ofrece unha iluminación durante X anos, en vez de vender as lámpadas. Ou un negocio que garanta nun fogar ou oficina unha temperatura de 21º. Estas empresas non poderán vender bens, unicamente ofrecer o servizo, é dicir, non se poderá combinar a actividade tradicional coa nova.

⁴ En todo caso será subvencionable sempre e cando non se estableza o contrario no Convenio entre Turismo e Agader.

DOCUMENTO DE SÍNTESE DAS MEDIDAS PREVISTAS DE ACTUACIÓN DO GDR NO RELATIVO Á ANIMACIÓN SOCIAL (DIFUSIÓN) E Á FORMACIÓN

No vixente apartado inclúese unha síntese coas iniciativas e actividades previstas no eido da difusión que realizará o GDR Ulla Tambre Mandeo dentro do abano das medidas de actuación da estratexia de desenvolvemento local que propiciarán a consecución dos obxectivos.

Nesta estimación conxunta, ó igual que nos apartados anteriores, prevese un orzamento anual aproximado de 25.000 €; chegando o total establecido para todo o período de 96.550 €.

TEMPORALIZACIÓN E ORZAMENTO DAS INICIATIVAS E ACTIVIDADES

Nota: Inclúese en vermello as iniciativas que poden variar de anualidade ou non facerse, dependendo das dispoñibilidade orzamentaria ou do custe final real das actividades.

Ano 2017

Área	Medida	Orzamento
Leader	Programa semanal sobre a actualidade do Leader e do GDR en Radio Melide	0,00 €
Leader	Comunicación e difusión diaria da actualidade do Leader e do GDR a través dos espazos web corporativos do Ulla Tambre Mandeo e dos seus perfís en redes sociais	0,00 €
Leader	Difusión periódica do Leader e do GDR a través da prensa offline: notas de prensa, comunicados, etc.	0,00 €
Leader	Campaña inicial de difusión do Leader	3.000,00 €
Leader	Asemblea Xeral	3.000,00 €
Agroalim.	Feira Agroalimentaria Manxares e Encontro Empresas Leader	5.000,00 €
Empresa e emprego	Banco de recursos: recollida de información, divulgación, organización, etc.	3.000,00 €
Innovación	Congreso de tecnoloxía galega aplicada ó rural	7.000,00 €
	TOTAL	21.000,00 €

Ano 2018

Área	Medida	Orzamento
Leader	Programa semanal sobre a actualidade do Leader e do GDR en Radio Melide	0,00 €
Leader	Comunicación e difusión diaria da actualidade do Leader e do GDR a través dos espazos web corporativos do Ulla Tambre Mandeo e dos seus perfís en redes sociais	0,00 €
Leader	Difusión periódica do Leader e do GDR a través da prensa offline: notas de prensa, comunicados, etc.	0,00 €
Leader	Asemblea Xeral: preparación e edición de memorias	5.000,00 €
Agroalim.	Feira agroalimentaria Manxares e Encontro Empresas Leader	5.000,00 €
Turístico	Guía da flora, fauna e etnografía	8.000,00 €
Empresa e emprego	Banco de recursos: posta en marcha e divulgación	6.000,00 €
Forestal	Estudo valorización económica do monte parte I	1.000,00 €
	TOTAL	25.000,00 €
<i>Agroalim.</i>	<i>Ruta agroalimentaria</i>	<i>10.000,00 €</i>

Ano 2019

Área	Medida	Orzamento
Leader	Programa semanal sobre a actualidade do Leader e do GDR en Radio Melide	0,00 €
Leader	Comunicación e difusión diaria da actualidade do Leader e do GDR a través dos espazos web corporativos do Ulla Tambre Mandeo e dos seus perfís en redes sociais	0,00 €
Leader	Difusión periódica do Leader e do GDR a través da prensa offline: notas de prensa, comunicados, etc.	0,00 €
Leader	Asemblea Xeral: preparación e edición de memorias	5.000,00 €
Leader	Campaña de difusión do Leader e Encontro Empresas Leader	6.000,00 €
Agroalim.	Feira Agroalimentaria Manxares	5.000,00 €
Empresa e emprego	Banco de recursos: xestión e asesoramento	3.000,00 €
Forestal	Estudo e divulgación	8.000,00 €
	TOTAL	27.000,00 €
<i>Social-amor propio</i>	<i>Festa do agro moderna</i>	<i>5.000,00 €</i>

Ano 2020

	Medida	Orzamento
Leader	Programa semanal sobre a actualidade do Leader e do GDR en Radio Melide	0,00 €
Leader	Comunicación e difusión diaria da actualidade do Leader e do GDR a través dos espazos web corporativos do Ulla Tambre Mandeo e dos seus perfís en redes sociais	0,00 €
Leader	Difusión periódica do Leader e do GDR a través da prensa offline: notas de prensa, comunicados, etc.	0,00 €
Leader	Asemblea Xeral: preparación e edición de memorias	5.000,00 €
Agroalim.	Feira Agroalimentaria Manxares e Encontro Empresas Leader	5.000,00 €
Empresa e emprego	Banco de recursos: xestión e asesoramento	3.000,00 €
Forestal	Proxecto piloto	10.000,00 €
	TOTAL	23.000,00 €

VI. PREVISIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA

As regras de previsión da distribución do gasto público da estratexia do GDR Ulla Tambre Mandeo respectarán as regras xerais establecidas nas bases reguladoras para a selección das estratexias de desenvolvemento local.

En todo caso, o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo aplicará a seguinte distribución:

Submedida 19.2. Apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo

A asignación total orzamentaria prevista para esta submedida será do 75% do total dos fondos públicos asignados no cadro financeiro da Estratexia de Desenvolvemento Local.

A totalidade do orzamento destinado previsto a esta submedida distribuirase como segue:

1. Financiamento de proxectos produtivos: destinaráselles o 65% do total dos fondos públicos asignados no ámbito desta submedida.
2. Financiamento da formación promovida polo GDR: destinaráselle o 2,5% do total dos fondos públicos asignados no ámbito desta submedida
3. Financiamento de proxectos non produtivos distintos da formación promovida polos GDR: destinaráselles o 32,5% do total dos fondos públicos asignados no ámbito desta submedida. Coa seguinte distribución:
 - a. Financiamento de proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas: destinaráselles un 60% da porcentaxe anterior, é dicir, un 19,50% do do total dos fondos públicos asignados no ámbito desta submedida.
 - b. Financiamento de proxectos non produtivos promovidos por entidades privadas: destinaráselles un 40% da porcentaxe anterior, é dicir, un 13,00% do do total dos fondos públicos asignados no ámbito desta submedida.

Submedida 19.4.A. Custos correntes da estratexia de desenvolvemento local **Submedida 19.4.B Animación e promoción territorial**

A asignación total orzamentaria prevista para esta submedida será do 25% do total dos fondos públicos asignados no cadro financeiro da Estratexia de Desenvolvemento Local.

VII. COMPLEMENTARIEDADE E COHERENCIA CON OUTROS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO QUE SE APLIQUEN NO TERRITORIO

A complementariedade do programa Leader 2014-2020 xestionado polo GDR Ulla Tambre Mandeo, a partir da vixente estratexia de desenvolvemento rural con respecto a outros programas ou proxectos das restantes Administracións Públicas, queda suxeito ó establecido na lexislación vixente para a articulación dos Programas de Desenvolvemento Rural.

Coas medidas descritas nesta estratexia de desenvolvemento rural preténdese reforzar a consecución das prioridades de desenvolvemento rural da Unión Europea no horizonte 2014-2020 mediante a aplicación de accións innovadoras no eido local a partir do capital endóxico do territorio.

A aplicación da estratexia do GDR Ulla Tambre Mandeo, posto en marcha no ano 2008 co obxectivo principal de xestionar o Programa Leader 2007-2013, garante unha complementariedade eficaz na xestión dos seus recursos para optimizar o impacto da axuda e evitar, en todo caso, calquera solapamento ou duplicidade nas axudas para un mesmo proxecto.

Por outra banda, o GDR Ulla Tambre Mandeo, ó igual que no Programa Leader 2007-2013 anterior, ten o firme compromiso de conseguir coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da que pretende ser entidade colaboradora, unha comunicación áxil, eficaz e constante co obxectivo de favorecer a aplicación correcta das axudas do Leader.

Do mesmo xeito e a nivel de desenvolvemento local, o Ulla Tambre Mandeo, pola súa pasada traxectoria conta unha comunicación constante coas persoas que, dentro do ámbito xeográfico do GDR, se dedican á xestión do desenvolvemento local: axentes de emprego, ADLs, etc. Isto redundará nunha mellor atención ás persoas promotoras así como nun sistema de comunicación eficaz para a xestión coherente das distintas axudas de políticas públicas que operan no territorio.

As actuacións da Xunta de Galicia como a especificación de limitacións sectoriais, as sinaturas de convenios de colaboración entre esta e outras autoridades, identificando os proxectos que poden ser subvencionados por unha ou outra liña de financiamento, como a Dirección Xeral de Turismo, a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, etc. facilitan a aplicación da coherencia e a eficacia co obxectivo de evitar o dobre financiamento dos proxectos.

Por outra banda, non se prevé a aplicación de outros programas de desenvolvemento local específicos no territorio do Ulla Tambre Mandeo, xa que o territorio de actuación é interior e non existen GALPs no mesmo.

VIII: PLAN DE FORMACIÓN

1. DAFO correspondente ó emprego

Do estudo socioeconómico realizado para os efectos desta candidatura derívase o seguinte DAFO relativo tanto ó eido laboral como ós sectores económicos susceptibles de acoller ou xerar emprego:

DEBILIDADES	AMEAZAS
Escasa dimensión territorial das explotacións agrarias Escasa formación no sector agrario para transformación do leite (distinto do queixo) Escasa diversificación cara outros aproveitamentos do monte: castaña, froitos silvestres, cogomelos, etc. Tecido empresarial atomizado caracterizado pola escasa xeración de emprego relativo Escasa profesionalización na hostalería e restauración Elevado nivel estrutural e conxuntural de desemprego na economía local Existencia dunha gran porcentaxe de desemprego de longa duración	Dificultades para manter o relevo xeracional no sector agrario Gran nivel de desemprego en toda España
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
Tecido empresarial composto case exclusivamente por empresas pequenas, con maior versatilidade e capacidade de adaptación á evolución económica Existencia de tecido emprendedor con capacidade de investir, innovar e con capacidade financeira e solvencia	Existencia de políticas de apoio ó rural e ó emprego das distintas administracións,

Do DAFO anterior derívanse as distintas actuacións no eido da formación para o emprego, planificado polo GDR Ulla Tambre Mandeo, para os distintos sectores da economía.

2. Contido do plan de formación: propostas segundo sector económico

SECTOR AGRARIO

O sector agrario no Ulla Tambre Mandeo está composto na súa gran maioría por explotacións de vacún de leite, de tamaño entre mediano e grande, dependendo da maior ou menor orientación gandeira dos distintos municipios e da dispoñibilidade ou non dun axeitado sistema de propiedade de terras (procesos de concentración parcelaria). Na súa

maioría, o produto véndese sen diferenciar nin transformar, co conseguinte menor valor engadido do mesmo e as dificultades que se xeran para poder negociar os prezos.

No tocante ó capital humano, se ben as explotacións medraron en tamaño e diminuíron en número, especialmente as de menor tamaño e as de subsistencia, levando a cabo un proceso que poderíamos denominar de “profesionalización”, este fíxose na súa maior parte da man da implantación de equipos modernos cos que facilitar a xestión da fase de produción, non cunha maior nin mellor formación a nivel profesional do capital humano.

Con base nesta realidade derivada do DAFO do territorio e nas prioridades de actuación da estratexia do GDR Ulla Tambre Mandeo como son, entre outras, a creación e o mantemento de emprego de calidade, a incorporación da tecnoloxía e da innovación nos distintos sectores produtivos e económicos do territorio, o fomento da gobernanza local e do tecido asociativo, o emprendemento e a creación de PEMEs, o favorecemento da conciliación familiar e laboral e o apoio ó emprego feminino; propónse como parte do PLAN DE FORMACIÓN da vixente estratexia a seguinte actividade formativa para o sector agrario:

Curso de axudante de granxa e novas tecnoloxías para o greening en vacún	
Descrición e obxectivos	Trátase de formar ó alumnado na xestión integral diaria dunha explotación de vacún de leite, cubrindo todas as facetas que lle son propias, ademais de darlle ferramentas para a mellora da explotación nos ámbitos da tecnoloxía e o coidado do medio ambiente. Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas nas explotacións agrarias locais - posta en marcha de novas explotacións por parte das persoas formadas, coa súa inserción laboral por conta propia - posta en marcha de novas empresas de servizo auxiliar ou de substitución por parte das persoas formadas en réxime cooperativo - mellora da profesionalización do agro local
Temario e contido	Módulo A: Xestión diaria dunha explotación: alimentación e coidado animal; hixiene, tratamento e saneamento; muxido e actividades accesorias ó mesmo, etc. Módulo B: Incorporación da tecnoloxía dixital ás actividades agrarias no marco do crecemento verde (colaboración coa Federación EFA Galicia) Módulo C: Emprendemento e cooperativismo: pasos para a creación dunha cooperativa (colaboración coa RedeEusumo).
Tipo de ensinanza	<input checked="" type="checkbox"/> Teórica: 110
	Módulo A: 20 horas
	Módulo B: 40 horas
	Módulo C: 50 horas
	<input checked="" type="checkbox"/> Práctica: 80 (colaboración coa Cooperativa Melisanto)
	Módulo A: 80 horas
Duración	190 horas

Alumnado máximo	20 persoas
Orzamento previsto	Persoal formador: 3.120,00 € Material: 300,00 € Outros (divulgación, captación, inscrición, seguro RC, etc.): 1.080,00 €
Lugar de realización	Boimorto, Melide

SECTOR FORESTAL

No eido do sector forestal, a gran maioría dos empregos do Ulla Tambre Mandeo, tanto por conta allea como por conta propia, están directamente relacionados coa compra e corta de madeira de pequenos operadores e a súa posterior comercialización a grandes empresas, na súa gran maioría, de especies de crecemento rápido para celulosas e pastas ou chapas. Por outra banda, aínda teñen representación no territorio as pequenas empresas de fabricación de mobles e ebanisterías, se ben non presentan un gran crecemento pola competencia de grandes cadeas caracterizadas polo deseño e os baixos prezos. Pese á gran superficie forestal e á existencia de monte en man común, son moi escasos os empregos relacionados coa explotación de madeira de calidade das frondosas ou con outros aproveitamentos forestais, xa sexa transformados ou non, como por exemplo: a castaña, os cogomelos, os froitos silvestres, resinas, etc.

Con base nesta realidade derivada do DAFO do territorio e nas prioridades de actuación da estratexia do GDR Ulla Tambre Mandeo como son, entre outras, a creación e o mantemento de emprego de calidade, a incorporación da tecnoloxía e da innovación nos distintos sectores produtivos e económicos do territorio, a diversificación do sector agrario e forestal cara outras actividades, o fomento da rendibilidade económica e social do monte galego, o apoio ás especies autóctonas e de crecemento lento, o incremento e a conservación da biodiversidade, emprendemento e a creación de PEMEs, o favorecemento da conciliación familiar e laboral e o apoio ó emprego feminino; propónse como parte do PLAN DE FORMACIÓN da vixente estratexia a seguinte actividade formativa para o sector forestal:

Curso de novos aproveitamentos de especies autóctonas en ecolóxico	
Descrición e obxectivos	Trátase de formar ó alumnado na realización e explotación de novos aproveitamentos económicos do monte en ecolóxico, en xeral, e das especies autóctonas e de crecemento lento, en particular. Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta allea, en empresas locais, ou por conta propia, coa posta en marcha de novos negocios a partir dos coñecementos adquiridos - posta en marcha de negocios e actividades produtivas por parte dos comuneiros dos montes do territorio en man común - posta en produción de parcelas forestais con cultivos e usos alternativos da man dos coñecementos adquiridos polo alumnado - mellora na conservación da biodiversidade da man das

	parcelas postas en produción e diminución dos incendios forestais
Temario e contido	O temario e contido da actividade formativa concretarase a partir dun proxecto de difusión a poñer en marcha no período 2018, en base o cal se realizará un estudo técnico e económico onde se recollerán os usos e aproveitamentos forestais alternativos con maior prospección e rendibilidade no territorio, como por exemplo: a implantación de cultivos forestais alternativos para aproveitamento madeireiro, a obtención de produtos forestais para alimentación (castaña, cogomelos, froitos silvestres, etc.) e a súa transformación (conservas, marmeladas, aceites, licores, etc), a obtención de produtos de coidado persoal e cosmética a partir de aproveitamentos forestais, etc.
Tipo de ensinanza	<input checked="" type="checkbox"/> Teórica: 40 horas
	Coñecemento das posibilidades de negocio a partir das actividades e usos recollidos en ecolóxico no estudo técnico do GDR
	<input checked="" type="checkbox"/> Práctica: 60 horas
	Posta en práctica das técnicas de cultivo, recollida, procesamento dos produtos forestais estudados en ecolóxico
Duración	100 horas
Alumnado máximo	20 persoas
Orzamento previsto	Persoal formador: 5.200,00 € Material teórico: 300,00 € Material e insumos para prácticas e outros: 6.200,00 € Outros (divulgación, captación, inscrición, etc.): 300,00 €
Lugar de realización	Toques, Vilasantar

SECTOR INDUSTRIAL

O sector industrial do Ulla Tambre Mandeo caracterízase polo seu escaso desenvolvemento en relación coa media galega. As empresas que o compoñen pertencen a subsectores maduros con escaso crecemento e innovación, na súa gran maioría, trátase de empresas da construción ou auxiliares: carpintería metálica, estruturas, electricidade, etc. Non existen no territorio empresas de fabricación de bens de equipo, tradicionalmente, xeradoras dun alto ratio de eprego. Debido á súa estrutura sectorial e á composición do tecido empresarial, coa ausencia de empresas de gran tamaño, o emprego local asociado ó sector secundario é moito menor que no caso da media galega. Un dos subsectores que caracteriza o sector industrial local é o da industria agroalimentaria, relacionado co forte peso do sector primario local e a existencia da D.O.P Queixo Arzúa-Ulloa no territorio, o cal aínda ten potencial de desenvolvemento se atendemos á inxente produción de leite no territorio e ás dificultades do sector lácteo, en particular, e do sector agrario, en xeral.

Con base nesta realidade derivada do DAFO do territorio e nas prioridades de actuación da estratexia do GDR Ulla Tambre Mandeo como son, entre outras, a creación e o

mantemento de emprego de calidade, a valorización do leite local a través da comercialización directa e a transformación, a concreción do Queixo D.O.P. en reclamo turístico, emprendemento e a creación de PEMEs, o favorecemento da conciliación familiar e laboral e o apoio ó emprego feminino; propónse como parte do PLAN DE FORMACIÓN da vixente estratexia a seguinte actividade formativa para o sector industrial agroalimentario:

Curso de valorización do leite con transformación e comercialización en ecolóxico	
Descrición e obxectivos	Trátase de formar ó alumnado no proceso de transformación e comercialización do leite noutros produtos agroalimentarios ecolóxicos elaborados como: queixo, iogur, xeadado, nata, manteca, etc. Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta allea, en empresas locais, ou por conta propia, coa posta en marcha de novas industrias agroalimentarias a partir dos coñecementos adquiridos - posta en marcha de actividades complementarias de transformación en explotacións de vacún de leite convencionais co que poidan diversificar a actividade e mellorar a rendibilidade
Temario e contido	O temario e contido da actividade formativa conterá tres módulos distintos: Módulo A. Xestión e posta en marcha dunha industria agroalimentaria láctea: hixiene, normativa en ecolóxico, comercialización, marketing, etc. Módulo B. Transformación en queixo: proceso de produción, requisitos D.O.P. Queixo Arzúa-Ulloa Módulo C. Transformación noutros produtos lácteos: proceso de produción.
Tipo de ensinanza	<input checked="" type="checkbox"/> Teórica: 75 horas
	Módulo A. 25 horas Módulo B. 25 horas Módulo C. 25 horas
	<input type="checkbox"/> Práctica:
Duración	75 horas
Alumnado máximo	20 persoas
Orzamento previsto	Persoal formador: 3.900,00 € Material teórico: 300,00 € Outros (divulgación, captación, inscrición, etc.): 300,00 €
Lugar de realización	Sobrado, Vilasantar

SECTOR SERVIZOS

O sector servizos no territorio está composto fundamentalmente polos subsectores do comercio, na súa gran maioría minorista, transporte e hostalería. Este último é o que máis

emprego local acumula en base a dous factores principais: o transcurso do Camiño de Santiago Francés (gran número de aloxamentos de diversa tipoloxía, restaurantes e cafetería, servizos de atención ó peregrino, etc) e o movemento de ocio nocturno na vila de Melide (pubs, discotecas, etc.). Por outra banda, a instauración do Programa Leader no territorio durante 25 anos deixou a súa impronta na gran oferta de aloxamentos de Turismo Rural, sobre todo, nos concellos bañados polo Ulla, os cales seguen en funcionamento na súa gran maioría pero, para os efectos do emprego local, viron estancado o seu crecemento.

Detéctase unha falla de profesionalización no eido do subsector turístico do territorio, relacionada coa calidade do servizo personalizado, coa atención ó turista especialmente estranxeiro e coa falla de implicación na promoción turística do resto do territorio que se atopa fóra do Camiño, a cal está presente en diversos e diferenciados ámbitos:

- no subsector da peregrinación no Camiño Francés, pola aglomeración de negocios de aloxamento e restauración postos en marcha de baixo perfil, en relación coa “percepción dun negocio seguro” no eido do Camiño. Esta situación tamén se observa en parte dos negocios máis consolidados, froito dun “acomodo” á boa marcha en xeral do Camiño.
- no subsector do turismo rural, coa escaseza ou inexistencia de iniciativas ou actividades que melloren os malos resultados en recepción de visitantes e número de pernoctas asociadas, a cal soe ser baixa.

Con base nesta realidade derivada do DAFO do territorio e nas prioridades de actuación da estratexia do GDR Ulla Tambre Mandeo como son, entre outras, a creación e o mantemento de emprego de calidade, a concreción do Queixo D.O.P. en reclamo turístico, emprendemento e a creación de PEME, a creación de produtos turísticos arredor do patrimonio do Ulla Tambre Mandeo, o coidado do medio ambiente especialmente relacionado co patrimonio natural; propónse como parte do PLAN DE FORMACIÓN da vixente estratexia as seguintes actividades formativas para o sector turístico:

I CURSO FORMATIVO SOBRE PARA A MELLORA NA ATENCIÓN Ó VISITANTE NO TURISMO AMBIENTAL	
Descrición e obxectivos	Trátase de formar ó alumnado para a consecución dunha atención de calidade e personalizada ó visitante de xeito que, ademais dun maior coidado na solución das necesidades habituais das persoas que visitan o territorio, se enriqueza o servizo co coñecemento, interpretación e achegamento dos atractivos turísticos da zona. Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta allea, en empresas locais, ou por conta propia, coa posta en marcha de novos servizos turísticos a partir dos coñecementos adquiridos - incremento da calidade do servizo prestado ó visitante - mellora na ratio de pernoctas no territorio, gasto realizado por visitante, consecución dunha segunda visita
Temario e contido	O temario e contido da actividade formativa conterá tres módulos distintos:

	Módulo A. Atención ó cliente en hostalería: inglés práctico aplicado ás necesidades habituais dunha persoa visitante Módulo B. Atención ó cliente en hostalería: atención especializada a persoas con discapacidade Módulo C. Atención ó cliente en hostalería: métodos para deseñar e guiar unha visita turística ambiental. Estándares de calidade
Tipo de ensinanza	<input checked="" type="checkbox"/> Teórica: 100 horas Módulo A. 40 horas Módulo B. 20 horas Módulo C. 40 horas <input type="checkbox"/> Práctica:
Duración	100 horas
Alumnado máximo	20 persoas
Orzamento previsto	Persoal formador: 5.200,00 € Material teórico: 600,00 € Outros (divulgación, captación, inscrición, etc.): 200,00 €
Lugar de realización	O Pino, Touro

II CURSO FORMATIVO PARA A MELLORA NA ATENCIÓN Ó VISITANTE NO TURISMO AMBIENTAL	
Descrición e obxectivos	Trátase de formar ó alumnado para a consecución dunha atención de calidade e personalizada ó visitante de xeito que, ademais dun maior coidado na solución das necesidades habituais das persoas que visitan o territorio, se enriqueza o servizo co coñecemento, interpretación e achegamento dos atractivos turísticos da zona. Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta allea, en empresas locais, ou por conta propia, coa posta en marcha de novos servizos turísticos a partir dos coñecementos adquiridos - incremento da calidade do servizo prestado ó visitante - interrelación dos sectores produtivos nunha mellor promoción turística: agroalimentario, industrial, etc. - mellora na ratio de pernoctas no territorio, gasto realizado por visitante, consecución dunha segunda visita
Temario e contido	O temario e contido da actividade formativa conterá tres módulos distintos: Módulo A. Atención ó cliente en hostalería: inglés práctico aplicado á realización de visitas turísticas ambientais Módulo B. Atención ó cliente en hostalería: métodos para deseñar e guiar unha visita turística industrial ou agroalimentaria Módulo C. Atención ó cliente en hostalería: organización de

	actividades lúdico-ambientais para enriquecer a estancia
Tipo de ensinanza	<input checked="" type="checkbox"/> Teórica: 100 horas
	Módulo A. 40 horas Módulo B. 30 horas Módulo C. 30 horas
	Práctica:
Duración	100 horas
Alumnado máximo	20 persoas
Orzamento previsto	Persoal formador: 5.200,00 € Material teórico: 600,00 € Outros (divulgación, captación, inscrición, etc.): 200,00 €
Lugar de realización	Santiso

Por último, o GDR Ulla Tambre Mandeo pretende realizar unha acción formativa na que se poña de manifesto o seu interese en dous dos obxectivos transversais do Leader Galicia 2014-2020, os cales comparte a asociación, como son a innovación e o medio ambiente ó tempo que se visibiliza o papel da muller para a contribución a igualdade de xénero, se fomenta o intercambio de experiencias e a interconexión en redes e se estimula o emprendemento. Con estes obxectivos, o GDR planea a seguinte actividade formativa:

CURSO INTEGRAL DE EMPRENDEMENTO EN NOVAS TECNOLOXÍAS E SECTORES PUNTEIROS	
Descrición e obxectivos	Trátase de formar ó alumnado nas distintas áreas da empresa no momento de emprender un novo negocio ou actividade: xestión, contabilidade, marketing e comercialización, aprovisionamentos e custes, investigación, financiamento, fiscalidade, etc. Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta allea, en empresas locais, ou por conta propia coa posta en marcha de novos negocios - coñecemento e utilización de recursos do territorio: persoas, produtos e servizos - visibilización da muller nos papeis e sectores nos que a presenza é minoritaria - promoción da tecnoloxía e innovación galegas fronte á foránea e utilización das TICs nos negocios novos e xa existentes
Temario e contido	O temario e contido da actividade formativa conterá dous módulos distintos: Módulo A. Formación sobre o emprendemento: xestión, contabilidade, marketing e comercialización, aprovisionamentos e custes, investigación, financiamento, fiscalidade, etc. Módulo B. Ponencias sobre casos e prácticas de éxito en sectores emerxentes, en particular, no sector ambiental.

	Participarán especialmente mulleres que destacan en sectores tradicionalmente cunha presenza feminina minoritaria.
Tipo de ensinanza	<input checked="" type="checkbox"/> Teórica: 42 horas
	Módulo A. 30 horas + 3 horas/alumno de titorías (60 horas) Módulo B. 12 horas
	<input type="checkbox"/> Práctica:
Duración	42 horas
Alumnado máximo	20 persoas
Orzamento previsto	Persoal formador: 5.304,00 € Material teórico: 300,00 € Outros (divulgación, captación, inscrición, etc.): 2.396,00 €
Lugar de realización	Melide, Arzúa

3. Requisitos mínimos e regras para a selección de persoal formador

O persoal formador en cada unha das actividades formativas deberá cumprir os seguintes requisitos como mínimo, independentemente, de outros específicos de cada actividade que se poderán valorar a maiores:

1. Ser unha persoa maior de idade.
2. Non padecer enfermidade ou calquera outra característica que impida o normal desempeño das funcións docentes que lle corresponden.
3. Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data de inicio da actividade formativa ou naquela que se lle indique.
4. Comprometerse activamente no axeitado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa no fomento do emprego.
5. Contar cun mínimo de 24 meses de experiencia profesional e/ou 12 meses de experiencia docente acreditables na materia ou temáticas das que trate a actividade formativa para as cales se efectuará a contratación. A acreditación desta experiencia deberá realizarse con carácter previo ó inicio da actividade formativa.

4. Requisitos mínimos e regras para a selección do alumnado

O alumnado participante nas actividades formativas organizadas e levadas a cabo polo GDR Ulla Tambre Mandeo neste PLAN DE FORMACIÓN serán os seguintes:

1. Estar empadroadado dun dos nove concellos que compoñen o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo: Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar.
2. Formar parte da poboación activa: ter entre 16 e 65 anos e estar desempeñando un posto de traballo ou en busca activa do mesmo. Acreditarase con documentación calquera das dúas situacións.

Por outra banda, a organización e realización das actividades formativas do GDR Ulla Tambre Mandeo difundirase a partir dos canais habituais de información da Asociación co obxectivo de difundir a súa impartición.

Con carácter previo ó inicio de cada actividade abrírase un prazo de inscrición para o alumnado e a selección farase por rigorosa orde de inscrición.

Non obstante, poderanse priorizar determinados colectivos segundo as temáticas das que trate o curso formativo: titulares de explotacións agrarias, titulares de negocios turísticos, desempregados, mulleres, etc.

5. Método de cálculo dos custos estimados das actividades formativas

As partidas de gasto que se contemplan para as distintas actividades formativas recollidas no PLAN fan referencia ós seguintes apartados:

Retribución do persoal formador* 52,00 €/hora

* O salario do persoal formador inclúe: salario, desprazamento, axudas de custe de alimentación, etc. É dicir, todos os custes que se xeren polo desenvolvemento da actividade docente.

Material didáctico para o alumnado (reprografía, bolígrafos, outros) 15,00 €/persoa

Aluguer de equipos e material para clases prácticas* 15,00 €/persoa

* Faise unha estimación xeral, pois o custe do aluguer de equipos e da adquisición de material para as clases prácticas dependerá da actividade formativa en cuestión. En todo caso, no momento de solicitar ou implementar os cursos formativos respectarase a normativa en termos de moderación de custes e facturación que se esixe para a xestión do Programa Leader en xeral.

Aluguer de aulas e salas para o desenvolvemento dos cursos* 0,00 €

* Non se estima custe para esta partida posto que a práctica totalidade dos municipios do territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo contan con aulas dispoñibles con equipos informáticos e telemáticos para acoller as actividades formativas e contarase coa colaboración das entidades públicas locais para ofertalas. Por outra banda, tamén se conta no territorio cunha Escola de Agricultura Ecolóxica na que levar a cabo parte da formación práctica prevista, e con instalacións produtivas de entidades asociadas do GDR para levar a cabo as visitas do alumnado.

6. Criterios de delimitación coas actividades formativas que se financien ó abeiro do FSE

O PLAN DE FORMACIÓN recollido neste documento e previsto polo GDR non entra en conflito coas actividades formativas levadas a cabo pola Consellería de Traballo e Benestar, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, as cales se atopan reguladas na *Orde do 24 de outubro de 2014 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos a persoas traballadoras ocupadas, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real Decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ó seu financiamento.*

